

NORMAS DE FUNCIONAMENTO E USOS ESCOLA MUNICIPAL DE HORTA URBANA ECOLÓXICA

I. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Soutomaior experimentou nos últimos anos un cambio moi forte pasando de ser un Concello eminentemente rural onde a poboación vivía en casas e tiñas as súas propias hortas a evolucionar cara unha sociedade cada vez máis urbana onde a maior parte da poboación vive en Arcade, en pisos, nos cales non se dispón de terreo para adicarse ao cultivo, aínda que este a pequena escala cun carácter de autoabastecemento. Por outra banda, outra parte da poboación vive en casas en Arcade e en barrios de Soutomaior pero a pesar de ter terreo non sempre se teñen os coñecementos necesarios para por en marcha unha pequena horta ou darlle un carácter máis responsable co medio ambiente. Co cal, atopámonos, con varios perfiles: persoas que viven en pisos e que aproveitan (no caso de telas) as súas terrazas e balcóns para cultivar aromáticas, algún tomate, etc. resultando estes espazos pequenos e inadecuados para poder experimentar e seguir avanzando con novos cultivos; persoas ás que lles gustaría ter a súa propia horta pero que non teñen espazos propios; persoas que teñen espazo pero non teñen coñecementos nin información sobre como poñelos en marcha; e, persoas ás que si se lles informase sobre todas as vantaxes que esta actividade ten seguro que se animarían a poñerse mans á obra.

Ademais, da demanda detectada sobre este tema outra das razóns para poñer en marcha este proxecto de Escola Municipal de Horta Ecolóxica é a posta en marcha da composteira comunitaria. Desde o Concello queremos impulsar actividades educativas e de concienciación medioambiental respetuosas co medio e baseadas nun consumo responsable que respete a idiosincrasia rural do noso territorio. Con esta Escola de Horta Urbana iniciase un camiño moi importante tamén para o ciclo da xestión de residuos iniciado coa composteira porque deste xeito os residuos que se xeren na horta poderán compostarse e, isto, axudará a dinamizar o uso da composteira comunitaria.

En Soutomaior estamos nun val agrícola por excelencia demostrando a través da historia o saber aproveitar a fertilidade da nosa terra. Pero os procesos de industrialización e de urbanización dos hábitos de vida, foron levándonos á desaparición das hortas, ao descoñecemento dos procesos de produción por parte dos consumidores/as, a valorar os produtos agrícolas non polo seu valor como alimento senón máis ben polo seu prezo, a súa aparencia, en definitiva á desaparición dunha cultura agrícola.

En Soutomaior estase perdendo a poboación con experiencia agrícola, pola dificultade para manter a convivencia ante tan distintos e diversos intereses que nos rodean. Con este proxecto queremos apostar pola integración de xeracións e a diversidade multicultural e tamén poñer en valor a participación en actividades comunitarias e nas que poidan participar todos os membros da familia como ferramenta educativa para a promoción de hábitos saudables e a coresponsabilidade. Ademais, está demostrado que o contacto coa natureza e a terra ten un valor terapéutico en si mesmo.

O proxecto é unha proposta para persoas que buscan unha formación en relación coas necesidades e os recursos do sitio onde deciden vivir, de forma que se dependa o menos posible de recursos externos. En Galicia temos a posibilidade do aproveitamento de recursos naturais presentes a partir de "recursos custo cero" como poden ser o acceso a terras sen cultivar e fomentar actividades de desenvolvemento no sector da agricultura ecolóxica e transformación en produtos elaborados, reciclaxe de residuos, ecoagroturismo e outros, dándolle un valor engadido, que son o coidado do territorio e a conservación da identidade e cultura, de maneira sostible tanto económica, coma socialmente.

O noso reto, significa apostar pola sostibilidade económica e sobre todo pola sustentabilidade dos nosos recursos. É por iso importantísimo poder rexenerar os espazos do noso entorno, como coherencia do que pretendemos para as xeracións futuras. Moitos veciños de Soutomaior e Arcade proceden e creceron no medio rural, mantendo unha relación moi importante coa terra, como o medio natural de proporción de alimentos, o que supón unha relación co medio ambiente máis racional e natural da que os usos cidadáns actuais xeran.

A Escola Municipal de Horta Urbana Ecolóxica baséase no respecto profundo á natureza e os seus diferentes ecosistemas, procurando un cultivo racional con medios naturais que conserven as características do chan e o enriquezan ano tras ano, por iso utilizaremos técnicas agrícolas respetuosas co medio Ambiente que recollan o saber tradicional e a biodinámica.

A proposta vai dirixida en principio a todas as persoas que teñan a necesidade e que dispoñan de tempo libre. É un proxecto aberto coa condición de estar empadroados/as en Soutomaior, ter a idade mínima para ser titular dunha parcela/horta e as condicións óptimas para desenvolver da labor agrícola (*consultar requisitos de acceso no caso de que haxa máis solicitudes que oferta*).

A cesión das parcelas nesta Escola Municipal de Horta Urbana Ecolóxica concíbese como unha actividade de interese xeral de balde que favorece o medio ambiente da vila e a recuperación da "cultura da horta", ameazada, conservando aspectos, usos e tradicións ligadas á nosa cultura rural.

O PROXECTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE HORTA URBANA ECOLÓXICA

DEFINICIÓNS E OBXECTIVOS

1.-Alcance

Obxecto regular as autorizacións de uso da Horta de xestión municipal, exclusivamente para o seu cultivo agrícola e destinado basicamente ao autoconsumo.

2.-Definicións.

- a) Horta/Escola Municipal. Espazo educativo xestionado polo concello de Soutomaior coa finalidade de ofrecer ás persoas empadroadas no Concello que o soliciten unha parcela de terra para labores agrícolas sempre e cando reúnan as condicións expostas neste documento; e, tamén para formar e educar nos valores da agricultura ecolóxica.
- b) Parcela.- Porción de terra na Horta Municipal que permite o cultivo para unha persoa ou unha familia.
- c) Entidade xestora ou coordinadora.- Colectivo, Asociación ou empresa que poderá ser contratada para a coordinación da ESCOLA MUNICIPAL DE HORTA URBANA ECOLÓXICA
- d) Comisión Técnica de seguimento. Creada desde o Concello co fin de velar que se cumpran as normas para velar polo funcionamento do proxecto.

3.-Obxectivos.

A utilización da Horta Municipal ten os seguintes obxectivos:

1. Recuperar espazos urbanos para uso público aportando diversidade á paisaxe do Municipio.
2. Ofrecer un espazo de esparcemento e actividade saudable para as persoas.
3. Fomentar a participación cidadá e en comunidade.
4. Favorecer a integración de colectivos desfavorecidos, ocupando o seu tempo, facilitando a creación de novas relacións e a obtención de alimentos básicos, en definitiva, mellorando a súa calidade de vida.

5. Xerar espazos de biodiversidade
6. Promover boas prácticas ambientais de cultivo: xestión dos residuos, aforro de auga, agricultura ecolóxica, recuperación de usos e costumes da agricultura tradicional, etc.
7. Completar o ciclo da composteira.
8. Potenciar o carácter educativo e lúdico das hortas.
9. Establecer e valorar as relacións entre o medio natural e as actividades humanas.
10. Promover unha alimentación sa e cambios de hábitos máis saudables.
11. Impulsar un maior coñecemento e respecto polo medio ambiente.
12. Promover as relacións e o intercambio interxeneracional e intercultural.

DISPOSICIÓNS XERAIS

4.-Acceso ao uso da horta/parcelas.

Para poder acceder á solicitude do uso da horta/parcela débense cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser veciño/a de Soutomaior, figurando inscrito/a no Padrón Municipal de habitantes.
- b) Estar fisicamente capacitado/a para realizar o traballo agrícola.
- c) Ser maior de idade ou vir acompañado dunha persoa que teña titularidade da horta/parcela previa autorización.
- d) Realizar e rematar con éxito o curso de iniciación á horta municipal ecolóxica convocado polo Concello de Soutomaior.

A autorización do uso da Horta para o seu cultivo non supón en ningún caso a transmisión da propiedade do terreo. A autorización de uso é persoal e intransferible e só producirá efectos mentres concorran as condicións sinaladas nos puntos normativos seguintes.

5.-Procedemento de adxudicación da horta/parcela.

O procedemento iniciarase a partir da inscrición no curso básico organizado polo Concello. As persoas inscritas adquiren o compromiso de participación no curso dando isto lugar á posterior adxudicación temporal da parcela para continuar coas

labores ata o mes de agosto baixo a supervisión da profesora e da comisión de seguimento.

O primeiro día do curso despois da explicación do proxecto e da lectura de normas de uso e funcionamento da Horta as persoas inscritas no curso asinarán un documento de compromiso e aceptación das condicións de participación no proxecto de ESCOLA MUNICIPAL DE HORTA URBANA ECOLÓXICA

Presentación de solicitudes para participar neste proxecto:

Cada convocatoria terá os seus prazos específicos. Abrirase un prazo de presentación de solicitudes na OMIX para cada convocatoria, acompañando a seguinte documentación:

- Ficha de solicitude debidamente cuberta e autorización de menores si é o caso.
- Fotocopia do DNI ou documento que legalmente o substitúa.
- Libro de familia que indique os membros que se poden beneficiar da cesión ou no seu defecto declaración que acredite a relación familiar.
- Documento que acredite a inscrición como persoa desempregada nas oficinas do SEPE (cando haxa lista de agarda).
- Copia compulsada da resolución da concesión do RISGA (ou similares prestacións) ou informe da traballadora social ou institución análoga que poida acreditar a situación. (cando haxa lista de agarda).
- Informe da traballadora social ou institución análoga que poida acreditar a situación de risco de exclusión social ou necesidade social de participar no programa. (cando haxa lista de agarda).

6.-Prohibicións para ser destinatario/a.

Aínda que se reúnan todas as condicións definidas no artigo anterior, non poderán optar ao uso da horta/parcela as persoas que se atopen nas seguintes circunstancias:

- a) Pertencer a unha unidade familiar na que xa exista un titular usuario/a destas parcelas cando haxa lista de agarda.
- b) Ser privado/a dunha horta/parcela, previo expediente sancionador.

7.-Sistema de adxudicación inicial da horta/parcela.



O sistema de adxudicación inicial das parcelas realizarase mediante orde de entrada. Cando existan máis solicitantes que parcelas priorizarase ás persoas que se atopen en situación de desemprego, que estén cobrando algunha prestación social, necesidade social de participación no programa derivada de Servizos Sociais ou entidade similar. Estes criterios deberán ser xustificados documentalmente polas persoas interesadas no momento de presentar a solicitude.

8.-Adxudicación definitiva das hortas/parcela.

O listado de adxudicación de parcelas comunicarse a cada persoa inscrita ó finalizar o curso de iniciación e, posteriormente, publicarase na web municipal.

As hortas serán cedidas por un prazo inicial que se corresponderá coa duración do curso e a partir de aí ata o mes de agosto, unha vez recollida a colleita, podéndose renovar na seguinte convocatoria (horta de inverno a partir de setembro), previa petición expresa da persoa adxudicataria sempre e cando queden prazas vacantes despois de finalizar o prazo da seguinte convocatoria para novas adxudicacións. A Comisión valorará si estas persoas deben participar nun novo curso ou non.

As horta/parcelas serán cedidas de forma individualizada, estando prohibido expresamente o seu arrendo a terceiras persoas. As persoas que acompañen á persoa titular deberán estar autorizadas previamente polo Concello e deberán figurar expresamente na ficha de solicitude.

Unha vez adxudicadas as parcelas previstas as persoas participantes que non sexan adxudicatarias formarán parte dunha lista de suplentes ordenada segundo os requisitos de participación. As persoas suplentes deberán acreditar no caso que accedan a substituír unha vacante os criterios obtidos no baremo orixinal.

CONCESIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO

9.-Premisa da concesión.

O outorgamento da autorización de uso supón o recoñecemento formal por parte dos usuarios/as do dereito de xestión do Concello de Soutomaior da parcela utilizada e da horta municipal na súa totalidade así como todas as instalacións inseparables ao terreo.

No inicio do curso o Concello encargarse de:

- Elección e acondicionamento de parcela, limpeza, roza e labra inicial do chan (Concello)
- Zonificación da parcela en función do seu uso: zona de almacenamento, zona de compostaxe e zona de cultivo en bancais.

- Instalación de canalización xeral conectada a rede de auga municipal que proverá do sistema de rego por goteo da horta e parcelas (no inverno é optativo).
- Subministración das ferramentas básicas de uso común, produtos agrícolas e material vexetal necesarios para cultivar.
- Subministración de sementes e plantóns para comezar o cultivo así como material complementario (cordas, tiores, arame, etc.).
- Subministración de compost e abono orgánico para o inicio do cultivo.

Cando remate o curso o Concello encargárase de supervisar e facer cumprir estas normas. Designará a unha persoa para que titorice ás persoas inscritas e titulares de horta/parcela coa finalidade de resolver dúbidas, aconsellar e seguir formando ás persoas. As persoas titulares de horta/parcela encargárase do traer o seu propio material e tamén de novas plantas para continuar co cultivo seguindo as indicacións técnicas da profesora/titora.

10.-Cese da actividade.

O Concello de Soutomaior pode acordar o cese desta actividade de horta total ou parcialmente, por razóns de interese público ou por outras razóns que poderían carrexar a privación de todas ou algunhas das autorizacións de uso da horta, feito que se deberá de notificar ao adxudicatario/a con 10 días de antelación á data de desocupación.

11.-Horario establecido.

A actividade agrícola aproveitará principalmente as horas diurnas, non entanto, existirá un horario de apertura do recinto definido, que será comunicado aos usuarios/as da Escola Municipal de Horta Urbana e Ecolóxica.

12.-Alcance da autorización concedida.

A autorización da concesión da horta/parcela establecerá:

- a) Medida, localización e número de parcela.
- b) Dereitos e obrigacións da persoa adxudicataria.
- c) Duración concreta da autorización.
- d) Persoas que forman parte da unidade familiar e que poidan acceder para axudar ao titular da concesión.

13.-Préstamo de utensilios e ferramentas.

- a) As persoas usuarias da horta recibirán durante o curso, en concepto de préstamo, os útiles básicos necesarios para realizar a actividade agrícola e deberán utilizalos co debido coidado para impedir o seu deterioro. Pedirase a colaboración do alumnado para que traian algún material de uso individual (anciño, rastrillo).
- b) No caso de que as ferramentas prestadas sufran algún dano que fagan imposible a súa utilización, deberán comunicalo á persoa municipal responsable asignada, indicando as causas que motivaron o dano.
- c) Durante o desenvolvemento da actividade está prohibido deixar as ferramentas fóra dos límites da parcela de cultivo para evitar que interfiran o paso dos viandantes ou potencien situacións de inseguridade. De igual xeito, o compromiso esténdese a custodia das ferramentas, co fin de evitar calquera incidente que tivese como resultado a perda ou subtracción das mesmas.
- d) Os espazos destinados a gardar as ferramentas deben manterse limpos e en bo estado e os participantes non gardarán en devanditos lugares obxectos ou roupa que non sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade agrícola.
- e) Do mesmo xeito, cada usuario/a debe custodiar o espazo onde se gardan as ferramentas e no caso de ter chaves, devolvelas ao Concello ao finalizar a cesión dos terreos.
- f) As ferramentas e demais útiles prestados polo Concello deberán ser devoltas en perfecto estado e limpas ao finalizar a cesión, debendo comunicar calquera desperfecto que se detecten nas mesmas.
- g) En caso de roubo das ferramentas o/a usuario/a da horta deberá realizar a denuncia ante a policía, e comunicar o feito ao Concello ou aos responsables asignados á horta.

14.-Mantemento da horta/parcela.

O cesionario deberá manter a horta/parcela cultivada e en perfecto estado de decoro, respectando todos os elementos que forman parte da mesma ou a delimitan. Queda prohibida a instalación de casetas, cadeiras, bancos ou calquera tipo de instalación fóra das que instale o propio Concello ou sexan expresamente autorizada por este. Esta autorización deberá solicitarse por escrito e contestarse pola mesma vía á persoa que o solicite. No caso de ter chave de acceso á horta será responsabilidade do/a hortelano/a pechar a instalación. A chave deberá ser custodiada ata a finalización do proxecto e logo devolverse ao Concello. Responsabilizándose de pechar a instalación ao remate das labores agrícolas.

15.-Identificación das persoas usuarias.

As persoas cesionarias de cada parcela deberán identificarse mediante o carne de

usuario/a da Escola Municipal de Horta urbana ecolóxica que lle será facilitado polo Concello no momento da adxudicación. Sempre que estean na horta deberán levalo visible porque poderá ser solicitado pola policía local, por persoal do Concello ou polos responsables asignados á horta municipal.

16.-Entidade xestora.

O Concello poderá designar unha entidade xestora encargada do funcionamento da Escola Municipal de Horta urbana ecolóxica, entre as súas tarefas, será responsable:

- a) Do funcionamento da Escola Municipal de Horta urbana ecolóxica.
- b) De recoller as suxestións de usuarios/as e facer propostas de mellora.
- c) De informar nos conflitos e incidencias relativos ao uso da Horta.
- d) Do profesorado e monitorado contratado ou voluntario
- e) Da xestión do recinto e mantemento dos espazos comúns.
- f) De velar polo adecuado uso dos mesmos.
- g) Do fomento da agricultura ecolóxica na horta, a través da xestión diaria, cursos e programas.
- h) Do uso eficiente e sostible da auga na Horta Municipal Urbana Ecolóxica, promovendo os sistemas de rego axeitados.
- i) De asesorar e atender as necesidades cotiás dos adxudicatarios/as sempre que o requiran e xestión dos temas e asuntos de carácter xeral que poidan xurdir. Para isto establecerase un sistema de titorías presencias e tamén un sistema de titorías en liña.
- j) De calquera outra aspecto que en diante se lle atribúa.

17.-Comisión Técnica de Seguimento.

O Concello creará unha Comisión Técnica de Seguimento integrada por:

- a) A Concelleira de Educación e o Concelleiro de Medio Ambiente, que actuarán de Presidenta e Vicepresidente.
- b) Persoal técnico municipal responsable da actividade formativa e educativa.
- c) Unha Técnica en Agricultura que será a docente dos cursos e titora das persoas que participen no proxecto.
- d) Un/unha representante dos/as usuarios/as adxudicatario/a das hortas/ parcela da Escola Municipal de Horta urbana ecolóxica designado polo Concello previo informe da docente/titora do curso.
- e) Un membro da Entidade coordinadora da Horta Municipais, no seu caso.

Así mesmo, poderán asistir con voz pero sen voto técnicos/as expertos/as, que poidan aportar os seus coñecementos e experiencias previa autorización municipal.

18.-Finalización forzada na cesión da horta/parcela.

Poderán ser causa de finalización da cesión da horta/parcela asignada á persoa usuaria:

- a) O non destinar a parcela ao cultivo agrícola.
- b) O incumprimento das normas sobre agricultura ecolóxica para o cultivo da leira establecidas polo Concello de acordo con estas normas.
- c) O incumprimento das presentes normas de conduta cívica ou do convenio de cesión asinado polo cesionario e do que estas normas forman parte.

DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS ADXUDICATARIAS

19.-Deberes e obrigas das persoas adxudicatarias.

- a) A persoa titular da cesión temporal está obrigada a cultivar o terreo cedido para a horta coa dilixencia dun bo/a labrador/a, coidará e realizará as reparacións ordinarias sen dereito a esixir indemnización algunha, durante o tempo en que participe no proxecto. Dado o obxecto da Escola Municipal de Horta urbana ecolóxica, a persoa adxudicataria só poderá cultivar hortalizas, flores e plantas aromáticas.
- b) A persoa usuaria queda obrigada a executar o seu traballo persoalmente ou polos membros da súa unidade familiar que previamente foran rexistrados/as, separadamente dos casos de forza maior que deberán acreditarse ante o Concello e, separadamente, tamén da axuda mutua entre hortelanos/as.
- c) As persoas adxudicatarias comprométese a seguir as indicacións que lles dean as persoas responsables da actividade, colaborar na forma asignada no mantemento das instalacións, mantemento da orde e asegurar o bo funcionamento da Horta.
- d) As persoas adxudicatarias das hortas están obrigadas a participar nos diferentes proxectos de colaboración, que se programen con outras entidades, por parte do Concello de índole educativo, formativo e divulgativo.
- e) Ao finalizar o período de cesión da horta cada participante deberá deixar a súa horta/parcela limpa e baleira.

f) As persoas adxudicatarias comprométese a reparar ou repoñer aqueles bens ou utensilios que resulten danados, destruídos ou extraviados polo uso inadecuado dos mesmos.

g) O Concello non se fará responsable dos roubos ou actos vandálicos que poidan afectar á Horta pero si adoptará as medidas necesarias para que isto non se repita. O Concello de Soutomaior ten para as súas actividades unha póliza xeral de responsabilidade civil a terceiros en previsión de posibles accidentes que poidan ocorrer no desenvolvemento das actividades que neste caso, son as tarefas de cultivo durante a estancia no recinto da Escola Municipal de Horta. O seguro de accidentes persoal correrá a cargo das persoas participantes no caso de querer subscribilo.

h) O Concello promoverá e incentivará para que as persoas adxudicatarias da Horta apliquen unhas boas prácticas ambientais no cultivo que exclúan os produtos químicos (fertilizantes, praguicidas..). Estando expresamente prohibidos o uso de produtos herbicidas, praguicidas e abonos químicos seguindo as indicacións da Comisión Técnica de Seguimento ou a entidade xestora, no seu caso.

i) Non se poden empregar trampas ou outros métodos de captura para a fauna ou cebos con sustancias velenosas.

j) As persoas adxudicatarias comprométese a respectar as regras que as persoas responsables da actividade establezan en relación co uso do auga, os abonos, as ferramentas e, en xeral, calquera elemento que se lles facilite.

20.-Prohibicións establecidas

A Horta Municipal Urbana Ecolóxica dedicarase única e exclusivamente a horta familiar, cultivándose só especies para o autoconsumo humano. En consecuencia, non poderán ser destinadas a outras finalidades, quedando expresamente prohibido:

- a) O cultivo de plantas degradantes do chan.
- b) O cultivo de plantas psicotrópicas e/ou prohibidas pola lei.
- c) Modificar a estrutura da parcela.
- d) A realización de calquera tipo de obra e en concreto a instalación dalgún tipo de novo cerramento ou separación, táboas fixas ou bancos; nin levantar ou instalar espantapaxaros, casetas, cobertizos, chabolas, porches ou edificacións de calquera tipo sexan con materiais artificiais ou naturais. Nin a construción ou instalación de novos elementos ou modificación dos existentes, sen autorización do Concello.
- e) O cultivo de árbores e de arbustos.
- f) Instalar invernadoiros, fóra dos espazos comúns destinados a tal fin.

- g) Delimitar as hortas/parcelas con muros, canas, madeiras, valas, plásticos, etc.
- h) Utilizar a Horta como depósito ou almacén de materiais, mobiliario, (mesas, cadeiras, etc.).
- i) Cazar, talar árbores ou calquera outra actividade susceptible de causar dano na fauna e flora que pode existir na Horta e o seu entorno.
- j) A acumulación ou abandono de calquera material alleo á función da Horta susceptible de alterar a estética do lugar.
- k) Instalar gaiolas para a tenencia de calquera animal, así como a presenza de animais na horta.
- l) Queimar os restos xerados na Horta ou realizar lume.
- m) Lanzar os restos xerados na Horta ou restos de roces e limpeza a outras hortas ou solares, e non separar correctamente os residuos xerados para o seu posterior reciclaxe e compostaxe.
- n) Malgastar a auga.
- o) Deixar a Horta sen traballar. En caso de imposibilidade temporal, a persoa usuaria deberá de comunicar esta circunstancia ao Concello.
- p) Circular polo interior do recinto con vehículo de motor, sen prexuízo da posibilidade de utilizar ferramentas agrícolas de motor, agás cando o permita o Concello.
- q) Estacionar vehículos ou motocicletas no interior do recinto das hortas.
- r) Utilizar ferramentas distintas ás establecidas ou permitidas pola Comisión Técnica de Seguimento.
- s) Calquera outro uso que non estando previsto anteriormente produza molestias, malos cheiros, limite o uso e satisfacción do resto de usuarios/as das hortas/parcelas ou afecten ó entorno do lugar.

21.- Prohibición de comercialización dos produtos obtidos.

Estará prohibida a comercialización dos produtos obtidos no cultivo da Horta Municipal Urbana Ecolóxica con criterios estritamente económicos. Será factible o intercambio e/ou troque entre os mesmos usuarios/as da horta/parcela.

XESTIÓN DE RESIDUOS

22.- Xestión de residuos.

a)As persoas adxudicatarias faranse cargo de xestionar adecuadamente os desperdicios que se produzan, tendo que compostar dentro da leira ou na composteira municipal os restos vexetais. Para isto contarán co asesoramento da mestra composteira, ademais, da docente e titora do curso.

b)As persoas adxudicatarias deben cumprir as normas de funcionamento e uso da Horta Municipal Urbana Ecolóxica que regulen ou poidan regular a actividade

propia directa ou indirectamente ou calquera outra normativa aplicable en materia ambiental.

RESCISIONES E INCIDENCIAS

23.-Perda da condición de usuaria/o da Horta.

A condición de persoa adxudicataria perderase automaticamente por:

a)Renuncia ou baixa voluntaria mediante escrito presentado ante a responsable técnica municipal do proxecto ou no rexistro xeral do Concello.

b)En caso de defunción, enfermidade crónica ou incapacidade da persoa titular para traballar a horta, os/as seus herdeiros/as ou familiares designados poderán si así o desexan seguir o cultivo da horta, a condición de que cumpran os criterios básicos.

c)Perda da veciñanza en Soutomaior.

d)Falta de cultivo da parcela durante máis de dous meses seguidos.

e)Por desaparición sobrevida das circunstancias que motivaron a adxudicación.

f)Concorrenza de calquera das incompatibilidades ou prohibicións que se detallan neste Normas.

g)Utilizar a Horta para uso e finalidades diferentes ás que se detallan neste Normas.

h)Requirimento do terreo por parte do Concello para obras, servizos, instalacións ou a construción de infraestructuras ou equipamento de interese social ou xeral ou calquera outra causa de forza maior.

i)Falta de respecto ás normas básicas de convivencia, conduta insolidaria, consumo excesivo de auga ou utilizar produtos tóxicos ou potencialmente tóxicos en doses non permitidas pola normativa.

j)Pola imposición dunha sanción por falta moi grave, cando se determine expresamente na resolución que a imposición da sanción leva aparellada a revogación da autorización de cesión da horta.

24.-Resolución na perda da condición de usuario/a.

A rescisión da autorización, por calquera causa, en ningún momento dará lugar ao dereito a percibir indemnización ou compensación de ningún tipo.

As incidencias que se produzan entre as persoas titulares usuarias das hortas/ parcela ou as dúbidas que xurdan da interpretación das presentes normas serán resoltas, atendendo a súa natureza pola técnica municipal responsable ou pola Comisión Técnica de seguimento dándose traslado das mesmas ás persoas interesadas.

A privación a unha persoa adxudicataria do uso da horta farase mediante comunicación escrita previa instrución de expediente no que se dará audiencia á persoa interesada para informala da decisión da técnica ou da Comisión Técnica de seguimento ou órgano en quen delegue.

INSTALACIÓNS

25.-Instalacións xerais.

No momento da adxudicación da cesión de uso da parcela na Horta, as hortas/ parcela atoparanse dotadas de acceso, numeración de parcela delimitada e sistema de rego.

26.-Prohibicións relativas ás instalacións.

Queda absolutamente prohibido instalar calquera elemento alleo a aqueles proporcionados polo Concello, así como alterar ou modificar, tanto na súa estrutura ou aspecto, os elementos proporcionados polo Concello, salvo un arcón móbil, expresamente autorizado pola Comisión Técnica de Seguimento da Horta.

27.-Visita ás instalacións.

Nas horta/parcela permitiranse visitas grupais de escolares ou outros grupos de interese, coa finalidade de divulgar as prácticas e obxectivos da Escola Municipal de Horta Urbana Ecolóxica. O seu número, duración e contido serán determinados polo Concello previa consulta coa Comisión Técnica de Seguimento.

MANTEMENTO, OBRAS E DANOS

28.-En canto aos posibles danos.

O/a usuario/a está obrigado/a a avisar inmediatamente ao Concello de Soutomaior no caso de que detecte calquera dano e/ou desperfecto na Horta ou nas súas instalacións.



O Concello e/ou o/a propietario/a cedente dos terreos están exentos de responsabilidade polos danos que puidesen sufrir ou causar as persoas usuarias derivados da actividade, así como dos danos que puidesen ocasionar a terceiras persoas.

29.-Respecto ao mantemento xeral.

As obras e reparacións de renovación ou reposición na Horta ou nos seus elementos debidos ao avellentamento ou outras causas nas que non concorran dano ou negligencia serán a cargo do Concello de Soutomaior.

As persoas usuarias deberán colaborar no mantemento ordinario das instalacións nos termos que se determine polo Concello ou pola Comisión Técnica de Seguimento ou Entidade xestora do seguimento, no seu caso.

PROCEDIMENTO SANCIONADOR

30.-Infraccións

A infracción das obrigacións e demais normas de obrigado cumprimento establecidas neste documento poderán ser obxecto de procedemento sancionador nos termos establecidos no “Funcionamento e Usos da Escola Municipal de Horta Urbana Ecolóxica.”

32.-Tipificación das sancións.

As faltas tipifícanse como leves, graves ou moi graves.

a) Terán a consideración de leves:

-O incumprimento dalgunhas das obrigacións establecidas nestas Normas por parte dos usuarios/as cando a súa consecuencia non dea lugar á cualificación de grave ou moi grave.

-O trato incorrecto a calquera usuario/a, persoal técnico ou demais persoal que realice funcións na Escola Horta.

-Causar danos por comportamento imprudente ou negligente á instalación, material ou equipamento das mesmas por importe inferior a 100€ .

-Desatender as indicacións das persoas responsables das actividades ou servizos ditadas no ámbito das súas funcións.

b) Terán a consideración de graves:

- Alteración da convivencia ou do funcionamento da Escola Horta.
- O mal trato de palabra ou obra a outros usuarios/as ou persoal dependente das hortas.
- Causar danos graves de forma voluntaria á instalación, material ou equipamento das mesmas.
- Causar danos por comportamento imprudente ou negligente á instalación, material ou equipamento das mesmas por importe comprendido entre 100€ e 300€ inclusive.
- Orixinar por imprudencia ou negligencia danos graves a si mesmo ou a outras persoas.
- A acumulación de dúas ou máis faltas leves nun período determinado de cesión.

c) Terá a consideración de moi grave:

- Impedir o uso da horta a outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- Impedir ou obstruír o normal funcionamento da Escola Horta.
- A agresión física cara ás persoas que están facendo uso da hortas/parcelas así como ao persoal que traballa nos mesmos.
- O falsear intencionadamente os datos relativos á identidade, idade ou calquera outro relevante e a suplantación da identidade, así como a manipulación ou falsificación de carnés.
- A acumulación de dúas ou máis faltas leves nun período determinado de cesión.

33.-Cuantificaron das sancións.

a) Os incumprimentos leves serán castigados con apercibimento por escrito ou multas que non excederán de 25€.

b) Os incumprimentos graves serán castigados con multa de 25,10 ata 150,00 € ou coa suspensión da condición de usuario/a por un período comprendido entre 16 días e 30 días si a gravidade do mesmo o fixese necesario.

c) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de entre 150,10 e

300,00€, podendo ademais impoñerse a privación definitiva de usar a Escola Horta.

34.-Graduación das sancións.

Para a graduación da sanción a aplicar teranse en conta as seguintes circunstancias:

- a) A reiteración de infraccións ou reincidencia.
- b) A existencia de intencionalidade da persoa infractora.
- c) A transcendencia social dos feitos.
- d) A gravidade e natureza dos danos ocasionados.

35.-Obrigación de reposición e reparación.

A imposición de sancións será compatible coa esixencia á persoa infractora da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario así como coa indemnización dos danos e prexuízos causados.

Cando se causen danos en bens de titularidade municipal, os servizos técnicos municipais determinarán o importe da reparación, que será comunicado ao infractor ou a quen deba responder por el para o seu pago no prazo que se estableza.

36.-Responsables solidarios.

Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, responderán todas elas de forma solidaria. Serán responsables solidarios dos danos ás persoas físicas ou xurídicas sobre ás que recaia o deber legal de previr as infraccións administrativas que outros puidesen cometer.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No non previsto por estas Normas estarase ao disposto nas normas da Administración Estatal e Autonómica que resulten de aplicación.

DISPOSICION FINAL

As presentes normas de uso e funcionamento da Escola Municipal de Horta Urbana Ecolóxica entrarán en vigor no inicio do curso básico de horta trala súa publicación na web municipal.

ANEXO: CURSO DE INICIACIÓN Á HORTA URBANA E AGRICULTURA ECOLÓXICA.



Presentación:

O proxecto de Escola Municipal de Horta Urbana Ecolóxica é unha proposta para persoas que buscan unha formación en relación coas necesidades e os recursos do sitio onde se decide vivir, de forma que se dependa o menos posible de recursos externos. Nos nosos territorios temos a posibilidade do aproveitamento de recursos naturais presentes a partir de "recursos custo cero" como poden ser o acceso a terras sen cultivar e fomentar actividades de desenvolvemento no sector da agricultura ecolóxica e transformación en produtos elaborados, reciclaxe de residuos, ecoagroturismo e outros, dándolle un valor engadido, que son o coidado do territorio e a conservación da identidade e cultura, de maneira sostible tanto económica, coma socialmente.

A quen vai dirixido o curso de iniciación

Persoas que queiran participar no proxecto de Escola Municipal de Horta Urbana Ecolóxica e experimentar a opción de cultivar e obter hortalizas ecolóxicas sen impacto no medio así como consumir produtos máis sans.

Para poder acceder á solicitude do uso da horta/parcela débense cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser veciño/a de Soutomaior, figurando inscrito/a no Padrón Municipal de habitantes.
- b) Estar fisicamente capacitado/a para realizar o traballo agrícola.
- c) Ser maior de idade ou vir acompañado dunha persoa que teña titularidade da horta/parcela previa autorización.
- d) Realizar e rematar con éxito o curso de iniciación á horta municipal ecolóxica convocado polo Concello de Soutomaior.

Obxectivos do curso

- Potenciar o cultivo e consumo de produtos de proximidade, ecolóxicos, de temporada mediante técnicas respectuosas co medio ambiente.
- Fomentar hábitos alimenticios saudables.
- Dar a coñecer a cultura rural tradicional da zona.
- Fomentar o respecto pola terra e pola vida.
- Concienciación sobre a nosa aptitude cara ao medio ambiente.
- Implicación, responsabilidade e compromiso na xestión da horta.
- Fomentar o traballo en grupo, a planificación das actividades e labores da horta.

Contidos

O curso divídese en 7 módulos.

- Deseño e preparación de bancais para cultivo partindo dun terreo baldío. Laboreo. Acolchado.

- Definición de horta de tempada. Asociacións e rotacións de cultivos.
- Introducción de aromáticas.
- Recoñecemento de pragas.
- Tratamento de pragas. Insecticidas e fungicidas ecolóxicos.
- Elaboración de compost equilibrados. Realización dun composteiro
- Elaboración de outros abonos e lombricompost.

Metodoloxía

A metodoloxía que se empregará será eminentemente práctica e participativa. Mediante a creación dun ambiente de cooperación, acción que leven ao alumnado ao recoñecemento da infinidade de posibilidades que ofrece a agricultura ecolóxica.

A proposta formativa baséase no modelo da investigación-acción participativa, o cal é moi diferente aos modelos formativos convencionais. Con esta metodoloxía, teoría e práctica van unidas, volvendo en forma de espiral dende a práctica á teoría para reformular os contidos e avaliar cada parte do proceso de aprendizaxe, que se converte nunha aprendizaxe viva cun claro sentido práctico para a súa aplicación a nivel particular ou comunal: neste caso no cultivo dunha parcela dentro da horta municipal.

Duración: 20 horas

Datas e horarios das sesións presenciais: 11,18 DE FEBREIRO e 11,18,25 de MARZO de 10:00 a 14:00 h.



Estrutura: As sesións dividiranse nunha parte de teoría e outra práctica no propio terreo onde a medida que se vaia avanzando o alumnado creará as súas propias parcelas dentro da Escola Horta adaptadas á tempada de cultivo na que nos atopemos.

Recursos humanos

Profesorado que impartirá as sesións: **Luz Gómez Señoráns**, enxeñeira Técnica Forestal e Educadora Ambiental.

Equipamento e actividades a desenvolver

Zonificación da parcela en función do seu uso: zona de almacenamento, zona de compostaxe e zona de cultivo en bancais

Subministración das ferramentas, materiais agrícolas e material vexetal necesarios para cultivar.

Subministración de sementes e plantóns para comezar o cultivo así como material complementario (cordas, titores, arame, etc.).

Subministración de compost e abono orgánico para o inicio do cultivo.

Recursos materiais

Cada alumno/a traerá o seu material individual que constará das seguintes ferramentas e accesorios :

1 sachó

1 forca (non imprescindible)

1 anciño

1 tesoir de podar

1 navalla (non imprescindible)